



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE NA ZONA PORTUARIA DE PONTEDEUME

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 9 da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Pontedeume o convenio arriba referenciado, por un período vixencia que abrangue unha semana para a execución das obras previstas neste e de catro anos respecto das obrigas uso, conservación e mantemento reguladas no dito convenio, agás unha prorroga expresa por un máximo catros anos. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes

O 20 de setembro de 2016, recibíuse, na Zona Centro de Portos de Galicia, solicitude de autorización presentada polo Concello de Pontedeume para a execución en terreos do dominio público portuario de Pontedeume para a obra de mellora da rede de saneamento existente.

Dende a Zona Centro de Portos de Galicia, o 10 de outubro de 2016, emítese informe técnico favorable ao respecto no se que fai constar que non existiría inconveniente na realización das actuacións.

2. Razóns de oportunidade

A entidade pública Portos de Galicia, dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia, segundo o artigo 2 da súa lei de creación 5/1994, do 29 de novembro, ten por obxecto o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións.

No artigo 3.2 da devandita lei 5/1994, dispónse que entre as súas funcións Portos de Galicia, asumirá o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación portuaria e a construción portuaria.

O Concello de Pontedeume, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento destas funcións de mellora, conservación e mantemento do concello, ten competencia en materia de servizos de saneamento e depuración de augas residuais e está interesado na mellora da rede de saneamento existente na zona portuaria de Pontedeume, para a eliminación dos vertidos detectados ocasionados á zona de marisqueo do porto de Pontedeume, mediante a rectificación dunha conexión de augas fecais na rede de augas pluviais, mediante a ampliación da rede de saneamento.

A obras previstas consisten esencialmente na instalación de 6 ml de tubo e a execución dun pozo de rexistro. Con elo, evitárase a presenza de augas fecais na rede de augas pluviais do porto que verte directamente ao mar. A zona de actuación indicada no plano que se xunta ao convenio. O prazo de execución das obras de será de unha semana.



Xa que logo, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, mantemento, limpeza e mellora das actuacións descritas e que discorren polo dominio público portuario

3. Obxectivos que se pretenden

A finalidade común é regular a colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Pontedeume no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario de mellora da rede de saneamento existente na zona portuaria de Pontedeume, para a eliminación dos vertidos detectados ocasionados á zona de marisqueo do porto de Pontedeume, mediante a rectificación dunha conexión de augas fecais na rede de augas pluviais, mediante a ampliación da rede de saneamento.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Pontedeume.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

O DIRECTOR,

-José Ignacio Villar García-